

# LUGARES do CONCELLO de RIANXO

e ti  
de onde  
vés sendo ?



A toponimia  
é a mellor mostra  
da historia  
do noso idioma  
e da nosa cultura...

DEL  
DGL

IES "Félix Muriel"  
Rianxo

2015

Equipo de Dinamización da Lingua Galega

## Agro da Moa (Araño)

\* En Galicia hai: 1

Refírese a unha localidade que naceu nun agro (campo cultivado) que estaría nunha elevación en forma de moa; ou ben onde tamén había unha “mámoa”, porque os monumentos megalíticos situábanse nestes lugares elevados. Existen moitos compostos co termo Moa: Outeiro da Moa, Penamoa, A Cruz da Moa, Coto da Mó (todos relacionados coa orografía).

## Batán, O (Araño)

\* En Galicia hai: 26

Este topónimo ten a súa orixe na existencia dun batán neste lugar. Os batáns era unhas construcións feitas a carón dos ríos, que contaban cuns mazos movidos pola forza da auga cos que se batían ou suavizaban os panos tecidos con la. Este nome está formado a través do verbo bater ‘golpear’.

## Buíá (Araño)

\* En Galicia hai: 1

Díse que é nome prerromano, polo tanto moi antigo. Parece que significa “lugar enchoupado, onde estanca auga”

## Campelo (Araño)

\* En Galicia hai: 35

É un diminutivo de Campo (lat. CAMPUS + sufixo -ELLUS). Na toponimia, Campo designaba un 'espazo aberto e amplo', non coincidente exactamente coa acepción que ten hoxe de 'terreo que se dedica a cultivo onde nace herba'.

## Cantalarrana (Araño)

\* En Galicia hai: 3

Nome que está castelanizado, non é moi antigo e fai referencia a un lugar onde había ras.

## Capela, A (Araño)

\* En Galicia hai: 22

O nome capela na súa orixe era un diminutivo de capa ‘peza de roupa’ (lat. CAPA + sufixo -ELLA). O significado de ‘oratorio’ adquiriuno na Idade Media por un oratorio onde se gardaba a reliquia da capa de San Martiño de Tours. A partir de aí pasou a designar calquera edificio destinado ós oficios relixiosos. Polo tanto, a orixe desta entidade de poboación está na existencia dunha pequena capela adicada ó culto dalgún santo ou santa neste lugar.

## Carballal (Araño)

\* En Galicia hai: 92

Carballal equivale a carballeira, é un abundancial de carballos. Polo tanto, nesta aldea había moitos carballos cando naceu o seu nome.

\* Referidos a entidades de poboación (Nomenclator de Galicia)

### Casilla, A (Araño)

\* En Galicia hai: 17

A "casilla" era o nome que recibían as garitas dos peóns camiñeiros situadas a carón das estradas, o que indica que se trata dun topónimo recente. Foi un termo que naceu en castelán e que non tivo correlativo en galego, por iso se fai uso do sufixo -illa, alleo á morfoloxía galega, xa que os termos "casiña", "casela" ou "caseta" fan referencia a casas pequenas e de pouca calidade.

### Cerqueiras (Araño)

\* En Galicia hai: 3

Lugar no que existían unha variedade de carballos chamados "cerquiños". Fórmase a partir do nome latino do carballo, QUERCUS (ROBUS), máis o sufixo abundancial -eira.

### Contrés (Araño)

\* En Galicia hai: 1

Podería ser un antropónimo derivado de *Contriz*. De ser acertada esta teoría estaríamos ante o nome de posesor GONDERICUS, que en Galicia deu topónimos como Contariz, Conturiz, Gundriz, Gunduriz...

### Ermida, A (Araño)

\* En Galicia hai: 64

Ermida foi un 'santuario rural', procede da voz latino-grega EREMITA co significado de 'oratorio no ermo'.

### Ferrería, A (Araño)

\* En Galicia hai: 19

Ferrería designa unha construción onde se traballaba o ferro. En Galicia atopamos moitos lugares chamados Ferrería situados a carón de vías de comunicación importantes, onde se repoñían ferraduras ós cabalos e ferros ós carromatos; outros sitúanse a carón dos ríos, porque amolaban o ferro coa forza hidráulica.

### Foxacos (Araño)

\* En Galicia hai: 4

O termo ten que ver con foxo (lat. Foveum), co significado de 'depresión do terreo'. En toda Galicia é un topónimo moi común, con moita frecuencia aplicado a depresións do terreo. Mais cómpre recordar que os foxos tamén eran as trampas que se usaban para cazar os lobos (FOVEUM LUPALE), polo que pode que existisen neste lugar este tipo de trampas.

### Lemos, Os (Araño)

\* En Galicia hai: 1

Trátase das terras que pertencían á familia dos Lemos, familia co apelido Lemos. Ou tamén pode ser un xentilicio, a xente que veu da Terra de Lemos (comarca do sur de Lugo)

## Miráns, As (Araño)

\* En Galicia hai: **1**

A orixe deste termo é dubidosa, e varias son as hipóteses que se teñen valorado: termo relacionado coa familia de mirar (Miranda, Miramar...), nome dun posesor chamado MIRANUS, termo derivado da raíz hidronímica \*mar-, \*mer-, \*mir-, co significado de "estanque, lagoa, masa de auga".

## Outeiro (Araño)

\* En Galicia hai: **532**

Este topónimo procede do latín ALTARIUS, derivado de ALTUS 'alto', co significado de pequeno monte ou elevación do terreo.

## Pontenova, A (Araño)

\* En Galicia hai: **13**

Trátase dun topónimo totalmente transparente, formado polo substantivo ponte e o adxectivo nova. Seguro que se construíu unha ponte nova con respecto a outra máis antiga que xa existía neste mesmo espazo.

## Pousada (Araño)

\* En Galicia hai: **57**

Fai referencia á existencia dunha pousada a carón dun camiño ou vía de comunicación principal onde se hospedaban os camiñantes e arrieiros. Procede do lat. PAUSATA, participio do verbo PAUSAR, co valor de 'pousar, repousar, descansar'.

## Rabado, O (Araño)

\* En Galicia hai: **1**

Suponse que vén de RAPUM latino que significaba nabo e que en galego tamén deu rabo. A terminación "-ado" engade valor colectivo, así podía ser lugar de nabos ou, se a formación é máis tardía ter un significado metafórico a partir de rabo. Existen topónimos coa mesma base: Rabelo, Rabiño, Rabeta, mesmo Rabo de Gato ou de Lobo.

## Toural, O (Araño)

\* En Galicia hai: **14**

Derivado de touro, adoita facer referencia a curros de gando vacún ou a lugares onde se celebraba unha feira de gando. Tamén podería significar terra dura para traballar, xa que este é o significado da palabra tourón.

## Traba (Araño)

\* En Galicia hai: **4**

Traba é un derivado do latín TABULAN que deu táboa no léxico patrimonial. O máis habitual é que este topónimo faga referencia a unha terra plana, chaira, como unha táboa, pero o significado orixinario puido ser relativo ás augas (como As Tablas de Daimiel, que é un humidal).

\* Referidos a entidades de poboación (Nomenclator de Galicia)

## Varela (Araño)

\* En Galicia hai: **5**

Non está moi clara a orixe deste topónimo. Puido aparecer como alcume dunha persoa a partir dun diminutivo de vara 'pau longo e delgado'; ou ben, estamos ante o diminutivo do lat. VALLELLA, a partir de VALLIS 'val'. De ser isto último, a aldea estaría situada nun pequeno val.

## Vilar, O (Araño)

\* En Galicia hai: **132**

O Vilar procede do latín VILLARE, un derivado de VILLA. Un vilar era na Idade Media unha vivenda no campo ou explotación agrícola coas súas construcións anexas e as súas terras de cultivo.

## Xens, Os (Araño)


\* En Galicia hai: **1**

Deriva do topónimo Oxén, que á súa vez ten a súa orixe no xenitivo dun nome de posesor EUGHENIUS (EU 'bo' + GENOS 'nacemento, orixe', co sentido de 'o ben nacido, de boa caste'). Nalgún momento, o O- inicial do topónimo foi interpretado como artigo (\*O Xen) e logo perdeuse. Neste caso, que aparece en plural, posiblemente faga referencia ó apelido dunha familia, sería como dicir que esa aldea naceu nas terras propiedade dunha familia que se apelidaban Xen. O foco de irradiación deste apelido sería a aldea de Oxén, en Monfero.

## Xufreus, Os (Araño)

\* En Galicia hai: **1**

Se Xufres está en Porto do Son, Os Xufreus pode ser o sitio onde se instalaron os habitantes daquel lugar.



\* Referidos a entidades de poboación (Nomenclator de Galicia)

## Asadelos (Asados)

\* En Galicia hai: 1

Ten relación con Asados onde a terminación –elos pode indicar que se formou máis tarde ca Asados. Así existen outros casos que se formaron de Táme-ga- Tamaguelos ou de Sar- Sarela, onde os que teñen a terminación –ela indican situación na parte alta. Tendo en conta que existen tamén as illas Asadoiros ó N. de Sálvora pódese supoñerlle unha raíz prerromana, aínda que o significado quizais teña que ver co latín ARSATUM (referido ás queimas realizadas no monte)

## Atalaia, A (Asados)

\* En Galicia hai: 10

Refírese ou ben á existencia dunha atalaia ou edificio onde se colocaba o vixía, ou ben simplemente a un sitio alto sen fortificación nin edificación pero con boa vista.

## Burés (Asados)

\* En Galicia hai: 1

Posiblemente sexa un antropónimo, derivado de BURENIUS.

## Castiñeira, A (Asados)

\* En Galicia hai: 35

A forma feminina da árbore que dá castañas, castiñeira, en principio na toponimia tiña un valor colectivo, é dicir, sería un lugar poboado de castiñeiros. Pero nalgunhas partes de Galicia a castiñeira é un 'castiñeiro novo', como por exemplo no sueste ourensán.

## Devesa, A (Asados)

\* En Galicia hai: 70

Palabra que inicialmente significaba “defensa”, terra acoutada. Logo colleu moitos matices: poboado con árbores autóctonas, destinado a pastos ou leña. Pode ser tamén campo fértil á beira do río.

## Laxido, O (Asados)

\* En Galicia hai: 1

Trátase dun lugar onde abundan as laxes, do latín LAGENA.

## Lustres (Asados)

\* En Galicia hai: 1

Os estudosos consideran que é un antropónimo, un nome dun posesor; uns pensan que é de orixe prerromana e outros de orixe latina (termo derivado de ILLUSTRIS, a partir do xenitivo Lustris)

## Mámoa, A (Asados)

\* En Galicia hai: 12

O topónimo Mámoa é indicio da existencia dun ‘túmulo prehistórico de forma cónica na superficie da terra’. Pola súa forma chamouse mammula, diminutivo de mamma ‘mama, teta’.

\* Referidos a entidades de poboación (Nomenclator de Galicia)

## Marquesa, A (Asados)

\* En Galicia hai: **2**

Posiblemente faga referencia a que a propietaria ou fundadora desta aldea, ou das terras nas que se asentaron as primeiras casas, tiña o título de marquesa.

## Montegrande (Asados)

\* En Galicia hai: **3**

É un topónimo transparente formado polo substantivo monte, que pode ter o valor de 'elevación do terreo' ou de 'terreo cheo de vexetación', e o adxectivo grande, indicando a extensión do mesmo. Habería que ver as características do terreo no que se asenta esta aldea para poder ver se a orixe do nome está nunha montaña grande ou nun terreo extenso que poidese estar cheo de matogueira noutrora.

## Outeiro (Asados)

\* En Galicia hai: **532**

Este topónimo procede do latín ALTARIUS, derivado de ALTUS 'alto', co significado de pequeno monte ou elevación do terreo.

## Revolta, A (Asados)

\* En Galicia hai: **32**

Na toponimia, o substantivo revolta pode ter dous significados diferentes. En primeiro lugar, como topónimo viario co valor de volta ou curva nun camiño, e mesmo nun río; ou referido a unhas terras que foron 'revoltas', isto é, aradas cando estaban de monte para facer fincas novas.

## Santa Lucía (Asados)

\* En Galicia hai: **4**

O nome do lugar vén derivado da capela dedicada ó culto de Santa Lucía.

## Somoza (Asados)

\* En Galicia hai: **11**

Parece que deriva do latín, dun prefixo sub (parte inferior) e o substantivo montia (monte), significando parte de abaixo dun monte.

## Suigrexia (Asados)

\* En Galicia hai: **7**

O prefixo Su- en latín significaba “abaixo”, polo tanto este topónimo refírese a un lugar situado na parte inferior dun lugar onde había unha igrexa.

## Vilanustre (Asados)

\* En Galicia hai: **1**

Suponse que será unha formación a partir do latín VILLA co significado de posesión agrícola medieval ou unha vila altomedieval e o nome de persoa que sería o propietario ou fundador, un suposto Naustili.

Plural de Vila (lat. VILLAE). As villae durante o primeiro milenio d.C. eran explotacións agrarias que nos máis dos casos estaban compostas dunha casa principal, cortes para o gando e as terras de labor. Posteriormente, vila pasou a designar pequenos núcleos de poboación, como sinónimo de lugar ou aldea. Na baixa Idade Media, unha vila xa é un núcleo máis urbano que incluso chegou a funcionar como sinónimo de cidade. Neste caso tamén pode tratarse do apelido Vilas, é dicir, que o fundador desta aldea se apelidase Vilas, pero o máis probable é que a súa motivación se fundamente na existencia de certas destas villae que estaban unhas próximas ás outras.



\* Referidos a entidades de poboación (Nomenclator de Galicia)

## Isorna (Isorna)

\* En Galicia hai: **1**

Parece que é a suma de dous temas hidronímicos: Iso que significaba “río” nas linguas prerromanas (Existe o río Iso que é un afluente do Tambre), e orna con significado parello (Existe o río Ornes na Coruña).

## Quintáns (Isorna)

\* En Galicia hai: **42**

Quintáns procede do latín QUINTANAS (< QUINTUS) 'a quinta parte dunha herdade' e fai referencia á quinta parte dos froitos dunha finca arrendada entregados ó señor e dono dela. Unha Quintán tamén podían ser unha especie de praza pública, valor que se mantén no topónimo Quinteiro, ou mesmo, ser as terras dun señor chamado QUINTANUS.

## Regueiro, O (Isorna)

\* En Galicia hai: **56**

Fai referencia a un lugar polo que pasaba unha corrente de auga pouco abundante.

## Sestelo (Isorna)

\* En Galicia hai: **17**

Seguindo a Nicandro Ares (2012) inclinámonos pola teoría de que sexa un derivado do antropónimo SEXTUS, polo tanto trataríase do diminutivo \*Sextellus > Sestelo.

## Vacariza, A (Isorna)

\* En Galicia hai: **19**

Parece que ten relación con vaca, pode ser que se refira a un lugar onde pacían as vacas. De aí que se deba grafar con V-aínda que houbo quen o rotulou con B.

ISORNA



\* Referidos a entidades de poboación (Nomenclator de Galicia)

## Abuín (Leiro)

\* En Galicia hai: **7**

Parece ser que este topónimo procede de VILLA AVOLINI, co significado de posesión agrícola medieval ou unha vila altomedieval (villa) de Avolinus (nome de persoa frecuente na Idade Media) que sería o propietario ou fundador; de aí que existan tamén Vilabuín no concello de Oourol (Lugo) e en O Pino (Coruña). Neste caso perdeuse a forma vila, quedando só o nome da persoa fundadora.

## Brión (Leiro)

\* En Galicia hai: **7**

Para este topónimo hai varias teorías: algún estudoso da toponimia relacionaba Brión coa palabra celta briga, que significa 'fortaleza, fortificación', con perda do -g- intervocálico. Outros, como G.Navaza falan da súa posible orixe fitonímica, xa que o brión é unha 'especie de lique ou musgo que crece na corteza das árbores' (así se define na maioría dos dicionarios galegos do s.XX). Por último, Elixio Rivas relaciona este topónimo cunha raíz hidronímica celta \*bar- co significado de 'auga'. É difícil saber cal foi a motivación real deste topónimo de Rianxo.

## Cabanas (Leiro)

\* En Galicia hai: **53**

Topónimo transparente que procede do latín CAPANNA e que na toponimia fai referrencia á existencia nun lugar de construcións pequenas, polo xeral de madeira, que podían ter o teito de palla ou ramallos e que servían, ben para gardar o gran, a herba seca, os apeiros de labranza etc., ben como refuxio da xente do campo.

## Igrexa, A (Leiro)

\* En Galicia hai: **345**

A Igrexa é o nome común das entidades de poboación onde se atopa a igrexa parroquial. Procede do latín ECCLESIA.

## Meiquiz (Leiro)

\* En Galicia hai: **1**

Parece ser un antropónimo, facendo referencia ao nome de posesor. Existen outros como Rudriquiz (de RODERICUS), Quequiz (de OVECUS), Onoriquiz (de HONORICUS), Gontriquiz (De GUNDERICUS)...

## Or (Leiro)

\* En Galicia hai: **1**

É un topónimo escuro, seguramente prerromano, do que é difícil saber o significado. Bascuas propón unha posible raíz preindoeuropea \*UR- de valor hidronímico 'mollar, fluír, auga, choiva, río'. Suposición baseada en que no vasco "ur" significa 'auga'. Esta raíz tamén está presente en topónimo como Ourense, Serra de Uría (Negueira de Muñiz e Asturias), Río Oro que nace nesta serra, ou Río Ura en Burgos. Pero tampouco se descarta a posibilidade que este Or de Rianxo proceda dun \*Villa Honori, é dicir, a casa de campo dun señor chamado Honorus.

\* Referidos a entidades de poboación (Nomenclator de Galicia)

## Palleiro (Leiro)

\* En Galicia hai: **6**

Derivado de palla (latín PALEA). Posiblemente a motivación a motivación deste nome estea en que era o lugar no que se facía un gran palleiro de herba ou de palla.

## Pedreira, A (Leiro)

\* En Galicia hai: **83**

Pedreira procede do latín PETRARIA, un derivado de pedra (lat. PETRA) e fai referencia a lugares nos que extraía pedra para facer as casas e os valados.

## Rañó (Leiro)

\* En Galicia hai: **4**

Este topónimo parece que ten a mesma orixe ca Raña, Rañoa, Rañadoiro... Pénsase na súa orixe prerromana e tense asociado co verbo "rañar" co significado de 'erosionar', polo que podería ser -cando se lle puxo o nome- un lugar con vexetación baixa ou sen ela, mesmo ser un prado moi pacido.

## Rial (Leiro)

\* En Galicia hai: **58**

Topónimo emparentado con río, que denota a presenza no lugar dalgún curso de auga.

LEIRO



## Barraca, A (Rianxo)

\* En Galicia hai: **2**

Nome transparente motivado pola existencia neste lugar dunha construción tipo cabana, chabola... feita con materiais cativos e de reducidas dimensións que podía servir para gardar apeiros de labranza ou de pesca, ou mesmo como refuxio de pastores no monte.

## Barral, O (Rianxo)

\* En Galicia hai: **57**

Barral é un derivado de barro a través do sufixo -al con valor abundancial. Polo tanto, en principio, todo parece indicar que a constitución do terreo no que se asenta esta aldea correspondía cunha zona embarrada, lamacenta da que se podería sacar barro para as construcións.

## Bosque, O (Rianxo)

\* En Galicia hai: **10**

O substantivo bosque, cuxo significado actual é o de 'monte poboado de árbores', é unha palabra de orixe xermánica de tardía penetración na península. Non é nada común na toponimia galega. Os topónimos nos que está presente esta forma deben ser recentes, pois anteriormente usábase co mesmo significado Mato, Mata, Silva...

## Carballeira, A (Rianxo)

\* En Galicia hai: **65**

Topónimo composto de carballo máis o sufixo -eira con valor abundancial, polo tanto en orixe o lugar no que se asenta esta aldea estaba cheo de carballos.

## Cortes, As (Rianxo)

\* En Galicia hai: **11**

Aínda que hoxe fai referencia ós habitáculos onde se garda o gando, orixinariamente significaba calquera lugar cerrado.

## Cruceiro, O (Rianxo)

\* En Galicia hai: **117**

Identifica un lugar que medrou arredor dun cruceiro situado nunha encrucillada de camiños ou á súa beira, principalmente.

## Pazo, O (Rianxo)

\* En Galicia hai: **155**

Pazo é o resultado galego do latín PALATIUM, e dado que leva moitos anos presente na toponimia de Galicia, pénsase que non sempre se refire ás típicas casas grandes da fidalguía galega do século XVIII. Neste caso concreto pode que o nome derive da existencia no lugar do Castelo da Lúa.

\* Referidos a entidades de poboación (Nomenclator de Galicia)

## Rianxiño (Rianxo)

\* En Galicia hai: **1**

Ten relación con Rianxo. Por que se lle puxo a un Rianxo e a outro Rianxiño? Unha das explicacións pode ser a relación de tamaño (un máis grande ca outro), aínda que tamén o sufixo -xiño podería indicar que Rianxiño estaba máis alto, ou que se formase antes ou despois de Rianxo.

## Rianxo (Rianxo)

\* En Galicia hai: **2**

Rianxo procede de RIVI ANGULUM, é dicir, un 'río anguloso', un río con moitas curvas e recantos. É a mesma base da que proceden outros topónimos cunha evolución parcialmente distinta, como Riaño (León, Burgos, Asturias...) e Riancho (Santander).

## Rinlo (Rianxo)

\* En Galicia hai: **2**

Procede de RIVILLUS (río moi pequeno) e evolucionou a Rilo. Logo introduciu a nasal e pasou a Rinlo (mesmo proceso ca en quecer / quencer). Hoxe barrio de Rianxo, este topónimo nomea a poboación que naceu á beira dun regueiro.

## Tronco (Rianxo)

\* En Galicia hai: **2**

Forma transparente cuxo significado coincide coa palabra do léxico común, é dicir "talo leñoso dunha árbore ou arbusto". Na toponimia designa lugares nos que se cortaban as pólas das árbores e quedaban só os troncos.

## Xogo dos Bolos, O (Rianxo)

\* En Galicia hai: **1**

Está claro que no sitio xogábase ó bolos. Existe tamén O Xogo da Bola en Pantón.



\* Referidos a entidades de poboación (Nomenclator de Galicia)

### Burata, A (Taragoña)

\* En Galicia hai: **6**

Dado que a definición de Burata é 'burato ou cavidade grande' deducimos que aplicado á toponimia debeu estar motivado pola existencia dunha cavidade no terreo no que se asentou esta aldea.

### Burato, O (Taragoña)

\* En Galicia hai: **1**

Lugar asentado nunha depresión máis ou menos profunda no terreo.

### Campo da Feira (Taragoña)

\* En Galicia hai: **14**

Fai referencia ó lugar no que se celebraba a feira do mes, fose de gando ou de venda de produtos do campo ou do mar.

### Campos de Pazos (Taragoña)

\* En Galicia hai: **1**

É probable que faga referencia ao apelido do propietario das terras nas que se asentou esta aldea ou do fundador da mesma. Posto que está en plural, é máis difícil pensar que a motivación sexa a existencia de varias edificacións nas que residían familias nobres, este é o significado actual de pazo que se mantén desde a alta Idade Media ata hoxe. Tamén ten cabida aquí a teoría de Elixio Rivas (1976:363) de que a forma PALATIUM facía referencia á casa do dono dunha granxa ou propiedade rural (o memo que as VILLAE).

### Cartomil (Taragoña)

\* En Galicia hai: **1**

Suponse que terá a mesma orixe (tal vez xermánica) ca Cartemile, Cartimil que se di que derivan de villa Cartemiri, é dicir, vila de Cartemiro.

### Castríño (Taragoña)

\* En Galicia hai: **6**

Castríño é un diminutivo de Castro (lat. CASTRUM) 'castelo, fortaleza' que na toponimia designa normalmente lugares nos que existiron ou existen restos arqueolóxicos, concretamente do que hoxe coñecemos como castros.

### Chorente (Taragoña)

\* En Galicia hai: **6**

Provéñ posiblemente do nome do fundador Florentius. Igual ca no caso de Abuín posiblemente o termo se formase a partir de VILA FLORENTII, que significaría o territorio ou posesión dun señor chamado Florente. Isto derivaría en Vila Chorente; logo perderíase a forma "vila".

\* Referidos a entidades de poboación (Nomenclator de Galicia)

## Corques (Taragoña)

\* En Galicia hai: **1**

Algúns estudosos consideran que podería ter que ver con corcos, palabra común de Asturias e Cantabria para designar un 'carballo torto ou pouco medrado'; outros, como Gonzalo Hermo, consideran que podería derivar da raíz prerromana \*kork- (igual que Corcubión, Corcoesto...) co significado de 'terreo pedregoso'.

## Coviña, A (Taragoña)

\* En Galicia hai: **4**

Diminutivo de Cova (lat. COVAM). termo que identifica un lugar asentado nunha valgada ou concavidade do terreo.

## Cruceiro, O (Taragoña)

\* En Galicia hai: **117**

Lugar que medrou arredor dun cruceiro situado nunha encrucillada de camiños ou á súa beira.

## Cruz, A (Taragoña)

\* En Galicia hai: **70**

As entidades de poboación chamadas A Cruz aluden a unha cruz erixida no lugar, de pedra ou de madeira, ou ben a unha encrucillada de camiños. Sábese que alí hobo un cruceiro retirado polo seu propietario e tamén existe un cruce de camiños.

## Cuvide (Taragoña)

\* En Galicia hai: **1**

Algúns estudosos, como Gonzalo Hermo e V. Feijoo, apostan por derivalo de COVA, pois Cuvela /Cubela son moi frecuentes na toponimia galega para denominar unha 'depresión do terreo', e tería sentido porque Cuvide aséntase nunha valgada.

## Dorna (Taragoña)

\* En Galicia hai: **8**

Algunhas teorías relaciónano coa raíz \*dheu 'fluír'; mais outras teorías decántanse máis pola hipótese que o vincula cunha 'depresión do terreo' ou 'burato no leito ou curso dun río', por analogía coa forma dunha dorna, tanto na súa acepción de recipiente para o viño coma na de embarcación. As características do terreo onde se rexistran os topónimos Dorna (e o seu diminutivo Dornelas) responden a valgadas coma a que serve de asentamento ao noso Dorna e Monte de Dorna.

\* Referidos a entidades de poboación (Nomenclator de Galicia)

## Fachán (Taragoña)

\* En Galicia hai:  1

É topónimo único. Aínda que, a priori, todo parece apuntar á relación deste topónimo con outros como A Facha, O Facho..., sempre presentes na toponimia galega co significado de 'lugares altos nos que se acendían lumeiras para facer sinais, ou no caso dos lugares próximos á costa, para guiar os barcos', neste caso a terminación en -án (<lat. -ANU, -ANA) non permite que poidamos afirmar con total certeza que esteamos ante un derivado de facho. Ademais o sentido toponímico de Facho 'terreo elevado' encaixa só relativamente coa xeomorfoloxía da localidade, encadrada nunha subida, pero que non constitúe un enclave demasiado alto.

## Fonte Susán (Taragoña)

\* En Galicia hai:  1

Deriva do latín FONTE SUSAM, (onde SUSA significaba “arriba”), daquela a aldea de Fonte Susán nacería xunto a unha fonte situada nun lugar máis arriba dun punto establecido como referencia.

## Igrexa, A (Taragoña)

\* En Galicia hai:  345

Núcleo de poboación no que está a Igrexa parroquial.

## Iñobre (Taragoña)

\* En Galicia hai:  1

O sufixo -bre é moi antigo, de orixe prerromana, procedente do celta -briga, e adoita ter o valor de 'fortaleza, fortificación' nos topónimos dos que forma parte. Respecto do primeiro elemento, iñ-, a día de hoxe, co estudos que hai, é imposible saber se corresponde ao nome dun posesor ou se é unha raíz moi antiga hidronímica (que ten que ver coa auga).

## Laxe, A (Taragoña)

\* En Galicia hai:  46

Unha laxe é unha 'pedra lisa de grandes dimensións', polo que a existencia dunha pedra destas características neste lugar foi o que motivou o seu nome.

## Moroso, O (Taragoña)

\* En Galicia hai:  1

Poderíamos pensar que se trata do alcume do fundador da aldea, dado que a toponimia galega está chea de casos nos que o alcume dunha persoa (por defectos físicos ou morais) denomina a terra da súa propiedade, pero anula esta hipótese tanto o feito de que se pronuncie con -O- aberto, como que non haxa paralelismos desta denominación no sistema toponímico hispánico.

Parece máis probable que o termo derive da raíz prerromana \*mor- que ten o valor de 'rocha, pedra', polo que é probable pensar que nacesse para indicar un 'lugar abundante en rochas'. Sería, xa que logo, un topónimo paralelo a O Pedroso, pero moito máis antigo. Esta hipótese xustificárase tamén polas características do terreo, xa que a localidade se sitúa nunha elevación do terreo que concorda co sentido da raíz \*mor. (G. Hermo)

\* Referidos a entidades de poboación (Nomenclator de Galicia)

### Monte de Dorna (Taragoña)

\* En Galicia hai: 1

Localidade que naceu nun monte pequeno que queda entre o lugar de Dorna e a praia. Posible propiedade dos veciños de Dorna.

### Ouille (Taragoña)

\* En Galicia hai: 3

Autores como G. Hermo ou V. Feijoo veno como un antropónimo, un (VILLA) AURELII, a casa de campo dun tal AURELIUS.

### Ourolo (Taragoña)

\* En Galicia hai: 1

Dúas son as posibles hipóteses que explicarían a orixe deste termo, a primeira indicaría que estamos ante un antropónimo, un (VILLA) AURIOLI, a casa de campo dun tal AUREOLUS; a segunda sinalaría que o termo ten orixe nunha raíz prerromana, \*OR- ou \*ORO co valor de 'montaña, altura', relacionada co posible preindoeuropeo \*or-r 'val entre montañas' e o grego óros 'monte, montaña, altura'.

### Outeiro (Taragoña)

\* En Galicia hai: 532

Este topónimo procede do latín ALTARIUS, derivado de ALTUS 'alto', co significado de pequeno monte ou elevación do terreo.

### Paradela (Taragoña)

\* En Galicia hai: 55

Paradela é o diminutivo de Parada (lat. PARATA). Na toponimia, Parada e Paradela designan lugares nos que se facían un descanso ou parada despois dunha subida pronunciada no camiño.

### Pastoriza (Taragoña)

\* En Galicia hai: 15

Pastoriza (lat. PASTORICIA) ten que ver con pastor e con pasto, polo que pode facer referencia a un 'terreo no que había pastos' ou 'a unha cabana ou refuxio para pastores no monte»

### Pedriñas, As (Taragoña)

\* En Galicia hai: 7

Diminutivo de pedra, alude á existencia de pequenas pedras espalladas polo terreo no que se asentou esta aldea.

## Senra, A (Taragoña)

\* En Galicia hai:  27

Senra procede do lat. SENARA e o seu valor toponímico consistía en nomear terras de cultivo novas que se gañaban ó monte para sementalas de cereais. As voces seara e senra aínda seguen vivas no léxico común con este mesmo significado.

## Te (Taragoña)

\* En Galicia hai:  1

Topónimo prerromano moi antigo. Segundo G. Hermo deriva dun radical \* tã - 'derreterse, fluír', con variante \* te -, que permea por detrás do nome do río Tea, (afluente do Miño), de nomes de lugar coma Teaño, Teaio ou Teáns e mesmo do substantivo "tea", nome dun peixe recollido na zona de Arcade.

# TARAGOÑA



\* Referidos a entidades de poboación (Nomenclator de Galicia)

DEGL

2015

IES “Félix Muriel”  
Rianxo

*Este pequeno traballo arredor da toponimia maior de Rianxo ten as súas orixes nun primeiro Proxecto que comezamos no IES no ano 2002. Contaramos daquela coa colaboración de Gonzalo Navaza e Xulia Marqués. Cando, en 2014, retomamos o proxecto e decidimos abordar toda a toponimia do concello, contamos coa inestimable axuda de **Vicente Feijoo Ares**, quen nos axudou a buscar o significado dos topónimos que nos faltaban, tanto dos máis transparentes coma dos máis escuros. O ENDL quere agradecerlle a súa imprescindible e desinteresada colaboración.*

Equipo de Dinamización da Lingua Galega

